



Concello do Carballiño

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN AS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2026/2027.

Primeira. Obxecto e finalidade da convocatoria

As presentes bases teñen por obxecto a regulación, tomando como marco legal a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño que se rexe ao mesmo tempo pola Lei xeral de subvencións 38/2003 do 17 de novembro e Bases de execución do orzamento do Concello do Carballiño, para a concesión en réxime de concorrência competitiva, das axudas para adquisición de libros de texto e material escolar, destinadas ás familias con menor poder adquisitivo do Concello do Carballiño que teñan nenos e nenas ao seu cargo escolarizados en centros públicos ou concertados do Concello do Carballiño.

Segunda. Beneficiarios/as

As familias con menor poder adquisitivo do Concello do Carballiño e nas que:

1. tódolos membros da unidade de convivencia estean empadroados no Concello do Carballiño con seis meses de antigüidade, como mínimo.
2. os/as solicitantes estean matriculados en educación infantil (3, 4 e 5 anos) e educación primaria e secundaria nun centro educativo do Concello do Carballiño. No caso de cambiarse a un centro educativo doutro concello (despois de solicitar a axuda), non terá dereito a percibila.
3. non superen os 9000 € de renda per cápita anual (9000 euros por membro da unidade familiar). Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2025, sumaranse a base imponible xeral e a base imponible do aforro e dividirase entre os membros da unidade de convivencia. De non estar obrigado/a a presentar a declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e os restantes ingresos declarados conforme á documentación que teñen que achegar segundo a base 6ª.

Para efectos destas bases terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, se é o caso, as persoas titoras do alumnado.
- b) Os/As fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados, así como as persoas menores tuteladas ou en acollemento familiar.
- c) Os/As fillos/as discapacitados cando teñan modificada xudicialmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curadoría representativa ou cando estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida
- d) Os/As fillos/as solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar
- e) As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas con custodia compartida formen unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa unida por un novo matrimonio ou por unión de feito á persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial entenderase que constitúen unha unidade familiar as persoas proxenitoras e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos das letras b), c) e d) agás nos casos de custodia compartida

Non terá a consideración de membros computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero

Malia o anterior, cando nunha mesma unidade de convivencia existan unha ou máis unidades familiares con menores ao seu cargo, considéranse que cada unha delas constitúen unha unidade familiar independente.





Concello do Carballiño

Terceira. Crédito

1. O importe total asignado no orzamento municipal que se destina é de 40.000 euros, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 326.00/48001 consignada no orzamento municipal do 2026.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A ampliación de crédito queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

O órgano que concede publicará a ampliación de crédito no mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo computo de prazo para resolver.

3. As axudas serán compatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas, non podendo superar a suma das axudas o importe do gasto total.

4. Contía máxima das axudas será de

Educación infantil, 120 €

Educación primaria e secundaria: 60 €

Cuarta. Período subvencionable

Gasto realizado entre o 30 de xuño e 15 de outubro de 2026

Quinta: Obrigos dos/as beneficiarios/as

Os/As beneficiarios/as das axudas quedarán obrigados a:

1. Destinar os fondos percibidos para o que foron concedidos.
2. Comunicar a obtención doutras axudas solicitadas ou concedidas tanto públicas como privadas para o mesmo fin.
3. Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos.

Sexta: Gastos obxecto da subvención:

Gastos subvencionables:

- libros de texto;
- libros de lectura establecidos polo centro educativo;
- material escolar: cadernos, folios, cores, lapis, bolígrafos, rotuladores, gomas, plastilina, carpetas dicionarios, compás, calculadora básica esixida polo currículo estoxo, regras e mochilas.
- uniforme e material deportivo para a materia de educación física

Gastos non subvencionables

- calquera outro distinto dos citados no punto anterior.

Sétima: Presentación de solicitudes, prazo e documentación

1 As familias que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no modelo normalizado (que se lle facilitará no propio concello) no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP (trala comunicación efectuada para o efecto pola BDNS), no rexistro municipal do Concello do Carballiño ou de calquera outro xeito dos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

2 As solicitudes estarán debidamente cubertas e asinadas e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- certificado do centro educativo no que se indique o curso no que está matriculado o/a alumno/a.
- certificado de convivencia da unidade familiar
- fotocopia do libro de familia ou partida de nacemento





Concello do Carballiño

- fotocopia do DNI, NIE ou permiso de residencia, en vigor, de tódolos membros da unidade familiar.
- declaración doutras axudas para o mesmo fin doutras administracións públicas ou privadas.
- fotocopia da declaración da renda (do ano 2025) dos membros computables da unidade familiar
- declaración xurada de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social.
- declaración xurada de non estar incurso nas prohibición do art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (xa aparece no impreso de solicitude).
- sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador, se é o caso.
- certificado de vítima de violencia de xénero, se é o caso
- no caso de adopción ou tutela resolución xudicial
- no caso de acollemento familiar ou preadoptivo, resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.
- certificado de discapacidade, se é o caso
- certificado de familia numerosa, se é o caso
- certificado de familia monoparental, se é o caso

No caso de non estar obrigado a presentar a declaración da renda deberá presentar o certificado de facenda, e achegar a seguinte documentación

- certificado de empresa (bruto) nas que traballou no exercicio 2025 ou outros documentos que acrediten os ingresos obtidos nese ano.
 - no caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, deberán achegar o certificado ou xustificante do organismo de onde se conceda, no seu defecto certificación negativa.
- Cando non sexa posible presentar a documentación requirida achegarase unha declaración responsable dos membros computables da unidade de convivencia**

Comprobarase de oficio o estar ao corrente coa facenda local (xa aparece no impreso de solicitude).

Oitava: Procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión das axudas será o de concorrência competitiva. 2. 0A instrución do procedemento correspóndelle aos servizos administrativos da Área de Educación.

3. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada. Examinada a documentación, o órgano instrutor concederalle ao/á interesado/a un prazo da ata dez días para a emenda das deficiencias detectadas, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, trala resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para a achega de documentación poderase utilizar como oficio de remisión o modelo que se facilitará no concello.

4. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, procederase conforme ás seguintes regras:

- Para as solicitudes nas que non se achegase de modo completo e no prazo establecido, a documentación requirida, formularase proposta de non admisión a trámite.
- O resto das solicitudes proporanse para admisión a trámite, pasando á Comisión de Valoración para que formule a proposta de valoración segundo os criterios recollidos no punto nove

Novena: Comisión de Valoración

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- ➔ A concelleira delegada da Área de Educación
- ➔ A traballadora social coordinadora da Área de Servizos Sociais
- ➔ A traballadora social dos servizos sociais comunitarios

Actuará de secretario/a o persoal da Área de Educación e Normalización Lingüística.

Décima: Criterios de valoración

Para a concesión da axuda e a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:





Concello do Carballiño

- ➔ Atenderase á menor renda per cápita ata esgotar o orzamento asinado. De haber crédito suficiente poderase conceder máis dunha axuda por familia, de ser solicitada. Non se poderá exceder o límite orzamentario.
- ➔ No caso de coincidiren os ingresos de varias familias e non haber crédito suficiente teranse en conta outros criterios que deberán ser debidamente xustificadas cos correspondentes certificados (certificado de discapacidade, certificado de familia numerosa ou certificado de familia monoparental segundo o caso)
 - discapacidade.....3 puntos
 - familia numerosa.....2 punto
 - familia monoparental.....1 punto

No caso de persistir o empate, terase en conta o número de rexistro de entrada da solicitude.

Undécima: Resolución

1. A proposta de resolución, elaborada polo órgano instructor, seralle comunicada aos/ás interesados/as mediante notificación co fin de que poidan formular as alegacións que estimen oportunas no prazo de dez días, e que serán resoltas pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta poderase considerar definitiva (art. 24.4 da Lei xeral de subvencións).
2. Examinadas, se é o caso as alegacións, a Comisión de Valoración emitirá un informe/ditame, e á vista deste, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva, onde deberán expresarse a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da axuda e a contía.
3. O órgano competente, neste caso a xunta de goberno á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento. A resolución, ademais do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a axuda, fará constar, se é o caso e de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso expresarse o/a beneficiario/a e o importe da subvención outorgada e demais referencias relevantes.
4. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a propia xunta de goberno no prazo dun mes ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativo, recurso contencioso administrativo no prazo de tres meses dende a notificación desta.
5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e nos artigos 62 e 63 do seu regulamento. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior. O vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución, lexitima aos/ás interesados/as para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da axuda. A subvención considerarase tacitamente aceptada de non presentar a renuncia expresa dentro do prazo dos dez días seguintes á notificación de resolución de concesión desta.

Duodécima: Xustificación e pagamento da subvención

1. Os/As beneficiarios/as das axudas presentarán, inescusablemente no rexistro municipal e ata o **2 de novembro de 2026**, a xustificación que comprenderá a seguinte documentación:
 - ☐ factura orixinal ou copia cotexada detallada do gasto realizado que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. A factura debe estar selada e asinada pola librería ou local comercial que corresponda,
 - ☐ declaración formal, asinada polo representante de tódalas axudas, solicitadas e concedidas para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas.
 - ☐ declaración xurada de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social. Comprobarase de oficio o estar ao corrente coa facenda local.O órgano competente para a comprobación da xustificación da subvención será o





Concello do Carballiño

órgano instructor, e materializarase na emisión dun informe que acredita a adecuación da xustificación.

2. De haber deficiencias emendables na xustificación, concederase un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda conforme ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións pública e procedemento administrativo común
3. No caso de que o beneficiario/a non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagamentos necesarios antes do vencemento do prazo de xustificación, non será preciso acreditar a realización do pagamento sempre que se presente declaración xurada para tal efecto.

Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedemento de control financeiro, consistentes en esixir, a partir dun mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga do reintegro por parte do/a beneficiario/a.

4. No suposto en que só se xustifique unha parte do solicitado, a subvención reducirase proporcionalmente

Décimo terceira: Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no Capítulo IX da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP nº 49, de 2 de marzo de 2005).

Disposición adicional

No caso de existir discrepancias, erros ou ambigüidades entre as versións nas distintas linguas deste documento, prevalecerá, en todo caso, a versión redactada en lingua galega

Disposicións finais

Primeira.- En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á presente convocatoria e ás axudas que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.

Segunda.- A presente convocatoria publicarase no BOP para os efectos de cumprimento do requisito de publicidade.

Documento asinado electronicamente

